

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8847 *Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A vixente Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, supuxo un avance cualitativo de entidade na regulación desta institución, xa que estableceu un novo marco para a arbitraje interna e internacional que toma como referencia a Lei modelo da UNCITRAL, sobre a arbitraje comercial, aprobada o 21 de xuño de 1985.

Sen ánimo de exhaustividade, os logros desta lei pasan pola formulación unitaria da arbitraje, o recoñecemento da arbitraje internacional, o aumento da dispoñibilidade arbitral, as súas regras sobre notificacións, comunicacións e prazos, o apoio xudicial á arbitraje ou o seu antiformalismo.

Porén, dentro do impulso de modernización da Administración de xustiza, que tamén inclúe a aprobación dunha futura lei de mediación en asuntos civís e mercantís, trátase agora de modificar algún aspecto da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, que na práctica se mostrou mellorable e que contribúa ao fomento dos medios alternativos de solución de conflitos e, en especial, da arbitraje, á cal as sentenzas do Tribunal Constitucional 43/1988 e 62/1991 xa recoñeceron a consideración de «equivalente xurisdiccional».

II

Con este propósito de impulsar a arbitraje, esta lei comeza por levar a cabo unha reasignación das funcións xudiciais en relación coa arbitraje, tanto as funcións de apoio como o coñecemento da acción de anulación do laudo e o exequátur de laudos estranxeiros, que permita dar máis uniformidade ao sistema mediante unha «elevación» de determinadas funcións. Trátase, en concreto, das relativas ao nomeamento e remoción xudicial de árbitros, o coñecemento da acción de anulación do laudo e a competencia para coñecer do exequátur dos laudos estranxeiros, que agora se atribúen ás salas do civil e do penal dos tribunais superiores de xustiza, manténdose nos tribunais de primeira instancia a competencia de execución. Estes cambios levaron a dar unha nova redacción ao artigo 8 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, así como a modificar a Lei de axuizamento civil do 3 de febreiro de 1881.

A lei tamén aclara, mediante a inclusión de dous novos preceptos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, as dúbidas existentes en relación coa arbitraje estatutaria nas sociedades de capital. Coa modificación recoñécese a arbitrabilidade dos conflitos que nelas se susciten, e en liña coa seguridade e transparencia que guía a reforma con carácter xeral, exíxese unha maioría legal reforzada para introducir nos estatutos sociais unha cláusula de submisión a arbitraje. Xunto a isto tamén se establece que o sometemento

a arbitrase da impugnación de acordos societarios requira a administración e designación dos árbitros por unha institución arbitral.

Outras modificacións da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase, buscan incrementar tanto a seguridade xurídica como a eficacia destes procedementos á vista da experiencia destes últimos anos. Con isto preténdese mellorar as condicións para que definitivamente se asenten en España arbitrxes internacionais, sen menosprezar que ao se tratar dunha regulación unitaria, tamén se favorecerán as arbitrxes internas. Da mesma forma procédese a reforzar o papel das institucións arbitrais, así como a unha mellor estruturación do nomeamento dos árbitros, abrindo o abano de profesionais, con coñecementos xurídicos que poden intervir nel, cando se trata dunha arbitrase de dereito. Pero, tamén, prevendo, de forma expresa, que é posible a intervención doutro tipo de profesionais, non necesariamente pertencentes ao dito campo do coñecemento, pois a experiencia internacional plenamente asentada aconsellaba a dita reforma, e isto sen esquecer que desa maneira se produce un maior acomodación á «libre competencia» que reclaman as institucións da Unión Europea. Tamén se concretan as incompatibilidades, en relación coa intervención nunha mediación, e regúlase a necesidade de asegurar as responsabilidades.

En canto á substanciación do procedemento arbitral, artículase un novo sistema respecto ao idioma da arbitrase, co que se incrementan as garantías do procedemento, ao se recoñecer a posibilidade de que utilicen a lingua propia as partes, as testemuñas e os peritos, e calquera terceira persoa que interveña no procedemento arbitral. Respecto do laudo, as modificacións centráronse no prazo e forma do laudo. Así, modúlase unha solución, a favor da arbitrase, para os casos en que o laudo se dita fóra de prazo, sen prexuízo da responsabilidade dos árbitros. Tamén se precisan as súas formalidades e exíxese sempre a motivación dos laudos. Ademais, establécese un remedio específico para poder rectificar a extralimitación parcial do laudo cando se resolveu sobre cuestións non sometidas á súa decisión ou sobre cuestións non susceptibles de arbitrase.

A anulación e revisión do laudo tamén é obxecto de reforma. A acción de anulación recibe unha modificación relevante: a partir de agora procédese a unha mellor articulación do procedemento. Por outro lado, tras a reforma, elimínase a distinción entre laudo definitivo e firme, establecendo que o laudo produce os efectos de cousa xulgada, aínda que se exerzan contra el as accións de anulación ou revisión, o que supón que pode ser executado forzosamente se non concorre cumprimento voluntario.

III

É de destacar a importancia da disposición adicional única desta lei, na cal se regula unha canle procedemental de carácter ordinario e institucional para resolver os conflitos internos entre a Administración xeral do Estado e os seus entes instrumentais, que supera os actuais mecanismos de facto, alleos ao rigor xurídico e á obxectividade que son imprescindibles nunha organización que, por imperativo constitucional, debe estar rexida polo dereito e actuar ao servizo dos intereses xerais baixo a dirección do Goberno. A indubidable natureza xurídico-pública das relacións de organización no seo da Administración fan imprescindible un procedemento ordinario de resolución de conflitos como o que agora se configura, máis aló de solucións meramente parciais como poden ser as ofrecidas por unha determinada liña xurisprudencial que veu negando aos organismos autónomos lexitimación para impugnar os actos da Administración matriz; liña que hoxe encontra unha confirmación legal no artigo 20.c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Enténdese que eses conflitos deben ser resoltos polo Goberno, polo que para o efecto se crea unha comisión delegada cuxa presidencia se outorga ao ministro da Presidencia, na súa función coordinadora da Administración xeral do Estado, do cal son membros natos o ministro de Economía e Facenda e o ministro de Xustiza. Así mesmo, a secretaría encárgaselle ao Ministerio de Xustiza en atención ás súas funcións e á adscrición dos servizos xurídicos do Estado.

IV

Adicionalmente modifícase o artigo 722 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no sentido de permitir solicitar medidas cautelares a quen acredite ser parte nun convenio arbitral con anterioridade ás actuacións arbitrais, posibilitando con isto unha maior compatibilidade entre o que se establece en materia de arbitraje e na dita norma.

Por último, ligada á reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, encóntrase a reforma do artigo 52.1 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal. A nova redacción adáptase ás solucións comunitarias na materia e elimina a incoherencia existente ata a data entre os dous números do artigo 52. Preténdese con ela manter a vixencia do convenio arbitral sempre que se proxecte sobre meras accións civís que, pese a que puidesen chegar a ter transcendencia patrimonial sobre o debedor concursal, se poderían ter promovido con independencia da declaración do concurso. É o caso, entre outras, das accións relativas á existencia, validez ou contía dun crédito, as destinadas ao cobramento de débedas a favor do debedor, as accións reivindicatorias de propiedade sobre bens dun terceiro en posesión do debedor concursal e os litixios relativos a plans de reorganización concluídos entre o debedor e os seus acredores antes da declaración de apertura. Non obstante o anterior, facúltase o órgano xurisdiccional competente para suspender de efectos os pactos ou convenios arbitrais previamente suscritos, se entendese que estes poden supor un prexuízo para a tramitación do concurso.

Artigo único. *Modificación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

Un. Os números 1, 4, 5 e 6 do artigo 8 pasan a ter a seguinte redacción:

«1. Para o nomeamento e remoción xudicial de árbitros será competente a sala do civil e do penal do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma onde teña lugar a arbitraje; de non estar este aínda determinado, a que corresponda ao domicilio ou residencia habitual de calquera dos demandados; se ningún deles tivese domicilio ou residencia habitual en España, a do domicilio ou residencia habitual do demandante, e se este tampouco os tivese en España, a da súa elección.»

«4. Para a execución forzosa de laudos ou resolucións arbitrais será competente o xulgado de primeira instancia do lugar en que se ditou, de acordo co previsto no número 2 do artigo 545 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.»

«5. Para coñecer da acción de anulación do laudo será competente a sala do civil e do penal do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma onde aquel se ditou.»

«6. Para o recoñecemento de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros será competente a sala do civil e do penal do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma do domicilio ou lugar de residencia da parte fronte á cal se solicita o recoñecemento ou do domicilio ou lugar de residencia da persoa a quen se refiren os efectos daqueles, determinándose subsidiariamente a competencia territorial polo lugar de execución ou onde aqueles laudos ou resolucións arbitrais deban producir os seus efectos.

Para a execución de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros será competente o xulgado de primeira instancia conforme os mesmos criterios.»

Dous. O número 1 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«1. O convenio arbitral obriga as partes a cumprir o estipulado e impide aos tribunais coñecer das controversias sometidas a arbitraje, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.

O prazo para a proposición da declinatoria será dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar a demanda nas pretensións que se tramiten polo procedemento do xuízo ordinario, ou nos dez primeiros días posteriores á citación para vista, para as que se tramiten polo procedemento do xuízo verbal.»

Tres. Introdúcense dous novos artigos 11 bis e 11 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 11 bis. *Arbitraje estatutaria.*

1. As sociedades de capital poderán someter a arbitraje os conflitos que nelas se susciten.

2. A introdución nos estatutos sociais dunha cláusula de submisión a arbitraje requirirá o voto favorable de, polo menos, dous terzos dos votos correspondentes ás accións ou ás participacións en que se divida o capital social.

3. Os estatutos sociais poderán establecer que a impugnación dos acordos sociais polos socios ou administradores quede sometida á decisión dun ou de varios árbitros, encomendándose a administración da arbitraje e a designación dos árbitros a unha institución arbitral.»

«Artigo 11 ter. *Anulación por laudo de acordos societarios inscribibles.*

1. O laudo que declare a nulidade dun acordo inscribible deberase inscribir no rexistro mercantil. O «Boletín Oficial del Registro Mercantil» publicará un extracto.

2. No caso de que o acordo impugnado estea inscrito no rexistro mercantil, o laudo determinará, ademais, a cancelación da súa inscrición, así como a dos asentos posteriores que resulten contraditorios con ela.»

Catro. Modifícase a letra a) do número 1 e engádese un novo número 3, ambos no artigo 14, que quedan redactados da seguinte forma:

«a) Corporacións de dereito público e entidades públicas que poidan desempeñar funcións arbitrais, segundo as súas normas reguladoras.»

«3. As institucións arbitrais velarán polo cumprimento das condicións de capacidade dos árbitros e pola transparencia na súa designación, así como a súa independencia.»

Cinco. Dáse nova redacción aos números 1 e 7 do artigo 15, que quedan redactados como segue:

«1. Salvo acordo en contrario das partes, nas arbitaxes que non se deban decidir en equidade, cando a arbitraje deba ser resolta por árbitro único requirirase a condición de xurista ao árbitro que actúe como tal.

Cando a arbitraje a deban resolver tres ou máis árbitros, requirirase que polo menos un deles teña a condición de xurista.»

«7. Contra as resolucións definitivas que decidan sobre as cuestións atribuídas neste artigo ao tribunal competente non caberá recurso ningún.»

Seis. Engádese un novo número 4 ao artigo 17 coa seguinte redacción:

«4. Salvo acordo en contrario das partes, o árbitro non poderá ter intervido como mediador no mesmo conflito entre elas.»

Sete. Engádese un segundo parágrafo novo ao número 1 do artigo 21 coa seguinte redacción:

«Exixiráselles aos árbitros ou ás institucións arbitrais no seu nome a contratación dun seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente, na contía que regulamentariamente se estableza. Exceptúanse da contratación deste seguro ou

garantía equivalente as entidades públicas e os sistemas arbitrais integrados ou dependentes das administracións públicas.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 28, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As partes poderán acordar libremente o idioma ou os idiomas da arbitraxe. Na falta de acordo, e cando das circunstancias do caso non permitan delimitar a cuestión, a arbitraxe tramitarase en calquera das linguas oficiais no lugar onde se desenvolvan as actuacións. A parte que alegue descoñecemento do idioma terá dereito a audiencia, contradición e defensa na lingua que utilice, sen que esta alegación poida supor a paralización do proceso.

Salvo que no acordo das partes se previse outra cousa, o idioma ou os idiomas establecidos utilizaranse nos escritos das partes, nas audiencias, nos laudos e nas decisións ou comunicacións dos árbitros, sen prexuízo do sinalado no parágrafo primeiro.

En todo caso, as testemuñas, peritos e terceiras persoas que interveñan no procedemento arbitral, tanto en actuacións orais como escritas, poderán utilizar a súa lingua propia. Nas actuacións orais poderase habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa daquela.»

Nove. Os números 2, 3 e 4 do artigo 37 pasan a ter a seguinte redacción:

«2. Salvo acordo en contrario das partes, os árbitros deberán decidir a controversia dentro dos seis meses seguintes á data de presentación da contestación a que se refire o artigo 29 ou de expiración do prazo para presentala. Salvo acordo en contrario das partes, este prazo poderá ser prorrogado polos árbitros, por un prazo non superior a dous meses, mediante decisión motivada. Salvo acordo en contrario das partes, a expiración do prazo sen que se ditase laudo definitivo non afectará a eficacia do convenio arbitral nin a validez do laudo ditado, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir os árbitros.»

«3. Todo laudo deberá constar por escrito e ser asinado polos árbitros, que poderán deixar constancia do seu voto a favor ou en contra. Cando haxa máis dun árbitro, bastarán as sinaturas da maioría dos membros do colexio arbitral ou só a do seu presidente, sempre que se manifesten as razóns da falta dunha ou máis sinaturas.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que o laudo consta por escrito cando do seu contido e sinaturas quede constancia e sexan accesibles para a súa ulterior consulta en soporte electrónico, óptico ou doutro tipo.»

«4. O laudo deberá ser sempre motivado, a menos que se trate dun laudo pronunciado nos termos convidados polas partes conforme o artigo anterior.»

Dez. A rúbrica e os números 1, 2 e 4 do artigo 39 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 39. *Corrección, aclaración, complemento e extralimitación do laudo.*»

«1. Dentro dos dez días seguintes á notificación do laudo, salvo que as partes acordasen outro prazo, calquera delas poderá, con notificación á outra, solicitar aos árbitros:

- a) A corrección de calquera erro de cálculo, de copia, tipográfico ou de natureza similar.
- b) A aclaración dun punto ou dunha parte concreta do laudo.
- c) O complemento do laudo respecto de peticións formuladas e non resoltas nel.

d) A rectificación da extralimitación parcial do laudo, cando se resolverse sobre cuestións non sometidas á súa decisión ou sobre cuestións non susceptibles de arbitraje.»

«2. Logo de audiencia das demais partes, os árbitros resolverán sobre as solicitudes de corrección de erros e de aclaración no prazo de dez días, e sobre a solicitude de complemento e a rectificación da extralimitación, no prazo de vinte días.»

«4. O disposto no artigo 37 aplicarase ás resolucións arbitrais sobre corrección, aclaración, complemento e extralimitación do laudo.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 42, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«1. A acción de anulación substanciarase polas canles do xuízo verbal, sen prexuízo das seguintes especialidades:

a) A demanda deberase presentar conforme o establecido no artigo 399 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, acompañada dos documentos xustificativos da súa pretensión, do convenio arbitral e do laudo, e, se for o caso, conterá a proposición dos medios de proba cuxa práctica solicite o demandante.

b) O secretario xudicial dará traslado da demanda ao demandado, para que conteste no prazo de vinte días. Na contestación, acompañada dos documentos xustificativos da súa oposición, deberá propor todos os medios de proba de que se intente valer. Deste escrito, e dos documentos que o acompañan, darase traslado ao demandante para que poida presentar documentos adicionais ou propor a práctica de proba.

c) Contestada a demanda ou transcorrido o correspondente prazo, o secretario xudicial citará para a vista, se así o solicitan as partes nos seus escritos de demanda e contestación. Se nos seus escritos non solicitaren a realización de vista, ou cando a única proba proposta sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ao proceso sen resultaren impugnados, ou no caso dos informes periciais non sexa necesaria a ratificación, o tribunal ditará sentenza, sen máis trámite.»

Doce. O artigo 43 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 43. *Cousa xulgada e revisión de laudos.*

O laudo produce efectos de cousa xulgada e contra el só caberá exercer a acción de anulación e, se for o caso, solicitar a revisión conforme o establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para as sentenzas firmes.»

Disposición adicional única. *Controversias xurídicas na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

1. As controversias xurídicas relevantes que se susciten entre a Administración xeral do Estado e calquera dos organismos públicos regulados no título III e a disposición adicional novena da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social ou outras entidades de dereito público reguladas pola súa lexislación específica que se determinen regulamentariamente, ou entre dous ou máis destes entes, resolveranse polo procedemento previsto neste precepto, sen que se poida acudir á vía administrativa nin xurisdiccional para resolver estas controversias.

Este procedemento será, así mesmo, aplicable ás controversias xurídicas que se susciten entre as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal co seu ministerio de tutela, a Dirección Xeral de Patrimonio ou os organismos ou entidades públicas que posúan a totalidade do capital social ou dotación daquelas, salvo que se establezan mecanismos internos de resolución de controversias.

2. Para os efectos desta disposición, entenderanse por controversias xurídicas relevantes aquelas que, con independencia da súa contía, xeren ou poidan xerar un elevado número de reclamacións, que teñan unha contía económica de polo menos 300.000 euros ou que, a xuízo dunha das partes, sexan de esencial relevancia para o interese público.

3. Suscitada unha controversia, as partes enfrontadas porana, de forma inmediata, en coñecemento da Comisión Delegada do Goberno para a Resolución de Controversias Administrativas. A dita comisión estará presidida polo ministro da Presidencia e terán a consideración de vogais natos o ministro de Economía e Facenda e o ministro de Xustiza, e corresponderá tamén a este designar dentro do seu ámbito o órgano que exerza a secretaría da comisión. Integraranse na comisión o ministro ou ministros dos departamentos afectados pola controversia, nos termos en que se determine regulamentariamente.

4. A dita comisión delegada solicitará os informes técnicos e xurídicos que considere necesarios para o mellor coñecemento da cuestión debatida. A secretaría da dita comisión elaborará as propostas de decisión oportunas.

5. A Comisión Delegada do Goberno para a Resolución de Controversias Administrativas ditará resolución en que se establezan de forma vinculante para as partes as medidas que cada unha delas deberá adoptar para solucionar o conflito ou controversia suscitados. A resolución da comisión delegada non poderán impugnala ante os tribunais de xustiza as partes en conflito.

6. Este procedemento de resolución de controversias non se aplicará:

a) A cuestións de natureza penal, pero si ás relativas ao exercicio das accións civís derivadas de delitos ou faltas.

b) A cuestións de responsabilidade contable que sexan competencia do Tribunal de Contas, suxeitas á lexislación específica reguladora deste.

c) A conflitos de atribucións entre distintos órganos dunha mesma Administración pública, que se regularán polas súas disposicións específicas.

d) Ás cuestións derivadas das actuacións de control efectuadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, reguladas con carácter específico na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuízamento civil aprobada polo Real decreto, do 3 de febreiro de 1881.*

O artigo 955 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 955.

Sen prexuízo do disposto nos tratados e outras normas internacionais, a competencia para coñecer das solicitudes de recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais estranxeiras, así como de acordos de mediación estranxeiros, corresponde aos xulgados de primeira instancia do domicilio ou lugar de residencia da parte fronte á que se solicita o recoñecemento ou execución, ou do domicilio ou lugar de residencia da persoa a quen se refiren os efectos daquelas; subsidiariamente a competencia territorial determinarase polo lugar de execución ou onde aquelas sentenzas e resolucións deban producir os seus efectos.

Conforme os mesmos criterios sinalados no parágrafo anterior, corresponderá aos xulgados do mercantil coñecer das solicitudes de recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais estranxeiras que versen sobre materias da súa competencia.

A competencia para o recoñecemento dos laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros, corresponde, conforme os criterios que se establecen no parágrafo primeiro deste artigo, ás salas do civil e do penal dos tribunais superiores de xustiza, sen que caiba ulterior recurso contra a súa decisión. A competencia para a execución

de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros corresponde aos xulgados de primeira instancia, conforme os mesmos criterios.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 722, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Poderá pedir ao tribunal medidas cautelares quen acredite ser parte de convenio arbitral con anterioridade ás actuacións arbitrais. Tamén poderá pedilas quen acredite ser parte dun proceso arbitral pendente en España; ou, se for o caso, ter pedido a formalización xudicial a que se refire o artigo 15 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje; ou, no suposto dunha arbitraje institucional, ter presentado a debida solicitude ou encarga á institución correspondente segundo o seu regulamento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Un. Modifícase o ordinal 4.º do artigo 8:

«4.º Toda medida cautelar que afecte o patrimonio do concursado excepto as que se adopten nos procesos que quedan excluídos da súa xurisdición no ordinal 1.º deste precepto e, se for o caso, de acordo co disposto no artigo 52, as adoptadas polos árbitros nas actuacións arbitrais, sen prexuízo da competencia do xuíz para acordar a súa suspensión, ou solicitar o seu levantamento, cando considere que poidan supor un prexuízo para a tramitación do concurso.»

Dous. O número 1 do artigo 52 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. A declaración de concurso, por si soa, non afecta os pactos de mediación nin os convenios arbitrais subscritos polo concursado. Cando o órgano xurisdicional entenda que os ditos pactos ou convenios poden supor un prexuízo para a tramitación do concurso, poderá acordar a suspensión dos seus efectos, todo isto sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, establecida no artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO